



**O CONCELLO DE NIGRÁN TRASLADA O DESFILE DE ENTROIDO AO  
SÁBADO 13 POR ALERTA LARANXA NA COSTA**

**Ábrese de novo o prazo de inscrición ata o xoves 11 de febreiro para  
aquelas comparsas que aínda non estean anotadas**

**O resto de actividades mantéñense na mesma data e horario ao  
celebrarse no auditorio municipal**

**Nigrán, 05/02/16.-** O Concello de Nigrán traslada o desfile de Entroido ao vindeiro sábado 13 de febreiro debido a unha alerta laranxa na costa por mal tempo. Manterase a mesma hora e lugar de celebración e ábrese de novo o prazo de inscrición para aquelas comparsas que aínda non estean anotadas ata o xoves 11 de febreiro.

O resto de actividades da programación lúdica e cultural manteranse sen modificacións. Así, o domingo terá lugar unha masterclass de zumba no auditorio do concello (no edificio novo), dende as 18.00 ás 19.30 horas, con seis profesionais deste deporte. Anímase a todos os asistentes a que vaian disfrazados, xa que haberá un sorteo para os mellores atuendos.

O luns será o día dedicado aos nenos cun espectáculo de animación musical a cargo de Tatarina e un concurso infantil de disfraces que terá lugar a partir das 17.00 horas no auditorio municipal.

Para os máis maiores organizarase un baile co Trío Azar o martes ás 19.00 horas no salón de actos. E o mércores porase fin á festa de Entroido con distintos obradoiros dirixidos aos máis pequenos e a celebración do Enterro da Sardiña no Centro Comercial Ramallosa.

**Desfile**

O sábado 13 a partir das 17.00 horas celebrarase o desfile de comparsas dende a rúa Telleira, pasando pola rúa Rosalía de Castro ata o



edificio da casa consistorial, onde actuará cada unha das agrupacións. O monologuista Pablo Chichas e Dj Kokito amenizarán a xornada mentres o xurado -formado por membros de asociacións culturais e veciñais alleas ás comparsas- decide a concesión dos premios tendo en conta a orixinalidade, o vestiario, a actuación e o número de participantes de cada unha das agrupacións participantes.

En total repartiranse oito premios, o primeiro de 600 euros, o segundo de 500, o terceiro de 400, o cuarto será de 350 euros, o quinto de 300, o sexto 250, o sétimo 200, o oitavo 150 e o noveno 100 euros.

Para poder optar aos premios, as comparsas deberán inscribirse previamente no Rexistro do Concello de Nigrán. Poderán participar aquelas que conten cun número de participantes superior os vinte membros, dos cales un mínimo de dez terán que ser adultos.



# ENTROIDO

EN NIGRÁN 2016



## PROGRAMACIÓN

### SÁBADO 30 XANEIRO

**17.30 h.** ESPECTÁCULO DE CLOWN "PRESÉNTAME UN PALLASO" de Barafunda animación no Auditorio Municipal.

### DOMINGO 7 FEBREIRO

**12.00 h.** Tradicional baixada da comparsa de Camos dende San Roque ata o Centro Cultural (*Organiza C.C A Camoesa*)  
**18.00 h.** ZUMBA DE CARNAVAL no Auditorio Municipal.

### LUNS 8 DE FEBREIRO

**17.00 h.** ENTROIDO PEQUENIÑO. Animación e concurso infantil de disfraces no Auditorio Municipal.

### MARTES 9 DE FEBREIRO

**19.00 h.** BAILE PARA MAIORES no Auditorio municipal, amenizado polo trio Azar.

### MÉRCORES 10 DE FEBREIRO

**11.00 h.** DESFILE DE ENTROIDO dos usuarios dos Centros de Día e Residencias do Val Miñor, no Auditorio Municipal.  
**17.00 h.** OBRADOIROS E ENTERRO DA SARDIÑA para os máis cativos no Centro Comercial da Ramallosa.

### SÁBADO 13 DE FEBREIRO

**17.00 h.** CONCURSO DE COMPARSAS polo centro de Nigrán. Rúa Rosalía de Castro (dende Rúa Telleira ata a Estrada do Ceán).

### DOMINGO 14 DE FEBREIRO

• EXCURSIÓN A LALÍN.

### SÁBADO 20 DE FEBREIRO

• ENTERRO DO KIKO EN PARADA con diversas actividades durante toda a tarde.

### DOMINGO 21 FEBREIRO

**19.00 h.** MONÓLOGO DE MANOLO DO ATLÉTICO no Auditorio Municipal.

